

# G ALEGOS NO MINHO

Organização  
FERNANDO GROBA BOUZA  
PEDRO DONO LÓPEZ

20 Anos  
do Centro de Estudos Galegos  
na Universidade do Minho

# **DO OURENSE MEDIEVAL:**

## O NOTARIO GONZALO PÉREZ DO MATO E O MOSTEIRO DE SANTA COMBA DE NAVES

Pedro Dono López  
CEHUM – Universidade do Minho

**Resumo:** O presente contributo presenta un conxunto documental protagonizado polo notario ourensán do século XIV Gonzalo Pérez do Mato e a súa descendencia, e que ilustran a vinculación destes co mosteiro de Santa Comba de Naves en canto foreiros do cenobio. Destacan, neste sentido, os pergamiños que nos informan sobre as vicisitudes do couto de Mende. No final editamos o testamento deste notario e da súa filla Maior Pérez.

**Palabras clave:** Mosteiro de Santa Comba de Naves; Documentación Notarial; Galego Medieval.



Entre os pergamiños que conservamos do mosteiro ourensán de Santa Comba de Naves, priorado de San Salvador de Celanova, encontramos nos mediados do século XIV, como outorgante de diversos documentos, o notario ourensán Gonzalo Pérez do Mato. Da lectura de tales instrumentos é doadoo deducir que o tabelión debeu ser un apoio importante para o cenobio, nomeadamente na súa disputa coa igrexa de Ourense polo señorío do couto de Mende, situado este nas inmediacións da cidade medieval. É a nosa intención facer un percurso por esta documentación<sup>1</sup> e áinda outra que en principio non vinculariamos co mosteiro de Santa Comba para ilustrar esta relación. Pechamos este contributo

---

1. Empregamos unha referencia arquivística abreviada que identifica o depósito (ACO=Arquivo da Catedral de Ourense, AHN=Archivo Histórico Nacional, AHPO=Arquivo Histórico Provincial de Ourense), o fondo e a carpeta e/ou número dos documentos que citamos.

coa edición de dous destes últimos documentos, os testamentos de Gonzalo Pérez do Mato e de súa filla Maior Pérez<sup>2</sup>.

## Un preito de 1354

Entre a documentación aludida sobrancean as actas dun proceso xudicial que se desenvolveu entre os meses de febreiro e abril de 1354, e que enfrentou o bispo de Ourense, D. Xoán de Cardalhac, e o notario Gonzalo Pérez do Mato, veciño da cidade, sobre a xurisdición do couto de Mende, na actualidade lugar da parroquia de Tras do Hospital do concello de Ourense.<sup>3</sup> O 26 de febreiro de 1354, en presenza do notario Xoán Fernández, comparecen en xuízo perante Xoán González, tesoureiro da igrexa de Ourense e vicario xeral do bispo, Gonzalo Pérez do Mato e o avogado Fernando Anes, que representa o bispo D. Xoán,<sup>4</sup> nomeado procurador deste por unha carta, incluída no proceso, dada na Gradeira o 15 de outubro de 1352.<sup>5</sup> Gonzalo Pérez achega un testemuño, dado en Ourense o 20 de febreiro, no que lle pide ao bispo que nomee un xuíz “ssen ssospeita” que dirima o confrontamento existente entre eles polo señorío

---

2. Dispoñemos de transcripcións de ambos os documentos integradas na edición dixital *Documentos do arquivo da catedral de Ourense (1289-1399)*, dispoñible no enderezo <http://gmh.consellodacultura.gal/catalogo/ficha/f/105/>, da responsabilidade de Anselmo López Carreira. As edicións que aquí incluímos diverxen en máis dun sentido das de López Carreira, considerando que as normas que adoptamos permiten salvagardar características importantes da lingua medieval.

3. ACO, Escrituras VII, 71. O extenso documento ocupa catro peles de pergamiño cosidas, cunhas dimensións aproximadas de 2710×490 mm. Editamos este documento en Dono (2010), xunto coa versión abreviada custodiada no mesmo depósito (ACO, Escrituras VII, 70), que xa se publicou en *DCO I*, pp. 303-311.

4. D. Xoán de Cardalhac foi nomeado bispo de Ourense polo papa Clemente VI por unha bula dada en Aviñón o 8 de xuño de 1351 (ACO, *Diversarum I*, 93; ed. en *DCO I*, pp. 298-299), que ao mesmo tempo anula a elección do cóengo D. Lourenzo Rodríguez por parte do cabido da igrexa de Ourense. O seu bispado finaliza en 1461, pois o 18 de xuño dese ano é trasladado á diocese de Braga como arcebispo (López 1933-1935: 41). Para outros datos sobre a vida de Xoán de Cardalhac e o seu bispado na diocese de Ourense, véxanse Flórez (1763: 126-131) e López (1933-1935: 39-44).

5. Trátase do documento máis antigo que testemuña a presenza deste bispo en terras ourensás, pois os diplomas que aduce López (1933-1935: 41-44), entre eles a confirmación dun aforamento do prior e do convento de Santa Comba de Naves ao cóengo Afonso Pérez de Santa Mariña, datado en 1357 (ACO, Escrituras XXI, 95; ed. en *DCO I*, pp. 312-313), son todos de data posterior. Con todo, Flórez (1763: 127) indica que no ano 1353 aínda estaba en Aviñón, lugar ao que “como era persona tan sobresaliente, le envió la Universidad [de Tolosa] en el año de 1350 al Papa Clemente VI”.

do lugar de Mende. O bispo designa como xuíz o tesoureiro e seu vicario xeral Xoán González.

Enseguida, Gonzalo Pérez presenta a súa demanda contra o procurador do bispo na que alega que lle pertencen non só os bens do lugar de Mende<sup>6</sup> senón tamén o seu señorío, pois ese lugar e a súa xurisdición foran doados ao mosteiro de Santa Comba de Naves polo rei Afonso VII<sup>7</sup> e posteriormente aforados polo mosteiro a Estevo Paz e á súa muller D.<sup>a</sup> Eufemia. Unha vez que posúe este señorío real, correspondeñelle consecuentemente as rendas e tributos cos que se carga os moradores dese lugar. Por iso, solicita que se declare por sentenza que lle pertence a xurisdición dese lugar e non ao bispo, como señor do préstamo<sup>8</sup> de Ceboliño e de Lamela, ao que pertence o lugar de Mende, e que, en consecuencia, nin el nin os moradores de Mende teñan que pagar en diñeiro o xantar<sup>9</sup> que en ocasións lles esixiron os mordomos do couto.

O notario ourensán xa conseguira unha sentenza favorable nun preito anterior con Fernando Anes, como procurador do bispo, en relación co pagamento de dereituras e loitosa,<sup>10</sup> as cales cobraba o prestameiro de Ceboliño e Lamela e o mordomo do bispo.

6. En realidade, o propietario dese lugar é o mosteiro de Santa Comba de Naves e Gonzalo Pérez o seu foreiro.

7. Portela e Pallares (1993a: 155) indican que a concesión de coutos aos mosteiros sería unha “consecuencia da alianza cunha monarquía non dabondo forte e que non atopa, pra fortecerse, máis camiño que ceder parte do seu poder aos seus aliados”.

8. En Ríos (1993a: 200) defínese o *praestimonium* como un contrato entre outorgantes do estamento señorial que implica a cesión vitalicia duns bens sen que se estipule o pagamento dunha renda, e da que resulta un beneficio para ambas as partes (o préstamo acostuma conllevar algúnhia contrapartida por parte do receptor). No caso que nos ocupa, o prestimonio consistiría nos bens ou rendas que recibía do bispo cada un dos membros do cabido como prebenda mentres ocupasen ese cargo e que herdaría o seu sucesor (Pérez Rodríguez 2002: 456-457)

9. Na súa orixe tratábase dunha renda en especie que pagaban os vasalos dun determinado lugar cando o seu señor pasaba por alí, para contribuir ao seu mantemento. En todo o relacionado coas rendas señoriais, seguimos a Ríos (1993b).

10. As dereituras eran unha renda de tipo recognoscitivo, ou sexa, testemuñan o dominio dun señor sobre unha determinada propiedade. No documento fálase de “theegas de çeuada et galjñas”, sen indicar que se pagan en concepto de dereituras. En Ríos (1993b:147) indícase que esta renda “tendeu a fixarse desde fins do século XIII, no pagamento da galiña e a cebada”. A loitosa, pola súa parte, é un tributo que se relaciona coa transmisión dos bens aforados, pois debe pagarse cada vez que falece un dos receptores do foro. Duro (1964: 330) informa de que “En el apeo de 1555 [...] se estipula que los vecinos de Cebollino –unos 46– y los de los otros lugares del coto pagaban cada año por señorío y vasallaje [...] 16 cuartos de centeno, una gallina viva, un maravedí viejo y luctuosa”.

Pola súa parte, o procurador Fernando Anes alega que o bispo considera que ten dereito sobre o señorío de Mende como posuidor do préstamo de Ceboliño.

Gonzalo Pérez, para defender a súa postura, achega como proba documental unha serie de diplomas que se inclúen no documento:

- Unha confirmación de Fernando IV (Burgos, 8 de xullo de 1302)<sup>11</sup> dun privilexio de Afonso VII (Valladolid, 4 de febreiro de 1155),<sup>12</sup> polo que lles confirma ao prior Martiño e ao mosteiro de Santa Comba todas as posesións que tiveron en tempo de seu avó Afonso VI, entre elles “Menendi cum suis directuris”.<sup>13</sup>
- Un traslado notarial (Ourense, 10 de maio de 1353), feito a petición de Gonzalo Pérez do Mato, dun documento (Mosteiro de Santa Comba, 29 de marzo de 1265) no que o prior Xoán Martís e o convento de Santa Comba de Naves lles conceden a Estevo Paz, á súa muller D.<sup>a</sup> Eufemia e a toda a súa descendencia “totum quidquid juris” de todas as posesións que teñen en Mende.
- Unha venda (Ourense, 21 de novembro de 1344) de Tareixa Anes, xunto co seu marido Gómez Lourenzo de Celeirón, a Gonzalo Pérez do Mato e a toda a súa voz do lugar e pouxa de Mende.

Tamén aduce como proba documental, áinda que neste caso non se fai o traslado, outro preito (cf. supra) con Fernando Anes polas tegas de cebada e galíñas e loitosa que o mordomo do bispo reclamaba no lugar de Mende.

Por outra parte, presenta como testemuñas a Pedro Anes, dito Copiño, a Xoán Anes, dito Saniño, e a Martiño Fernández, dito Peirón. Dos testemuños destes cómpre destacar que todos eles coinciden en sinalar que Estevo Paz e os seus descendentes “husaron dos ditos dereitos et señorío e jurdiçon do dito lugar” ata que o arcediago Gonzalo Núñez de Nóvoa,<sup>14</sup> que logo sería bispo

11. Consérvase unha copia simple do século XIV (Sánchez Belda 1953: 395) no Archivo Histórico Nacional (AHN, Naves, 1506/14).

12. Consérvase unha copia simple do século XIII (Sánchez Belda 1953: 134) no Archivo Histórico Nacional (AHN, Naves, 1506/1).

13. Na edición deste diploma de Recuero Astray e outros (1998: 178-180) faise referencia no índice a un mosteiro de “Sancte Columbe Menendi”, debido a unha interpretación equivocada deste paso do manuscrito.

14. No documento non se especifica cal era o arcediagado. Duro (1964: 330), ao tratar do valor económico das dignidades da catedral de Ourense, indica que ao arcediago de Baroncelle pertencía o couto de Ceboliño, que incluía os lugares da Lamela, Castadón e Cachamuña. Da mesma maneira, en 1572 os coutos de Ceboliño e Lamela aparecen baixo a xurisdición do arcediago de Baroncelle, en canto o couto de Mende depende do cabido (Fernández Alonso 1927: 43).

de Ourense,<sup>15</sup> como prestameiro do couto de Ceboliño e de Lamela,<sup>16</sup> quixo levar a loitosa dun muiñeiro de Mende que recibira Lourenzo Anes Celeirón, cousa que conseguiu non sen recorrer á violencia, tal como apuntan todas as testemuñas:

“fora feyto enbargo a Lourenço Anes Çeleyroo, que tijña et pessuya o dito lugar, per don Gonçaluo de Nouoa, bispo que foy d’Ourense, ao tempo que era arçidiago et tijña o prestamo de Çebollino, que foy ao dito lugar de Meende por rrazon de húa besta muar que o dito Lourenço Anes ouuera de loytosa de hun home que morrera no dito lugar de Meende, que auya nome Johan Perez, et non sse quisera d’y partir ata que britara et fezera britar as moas dun moyño et lle dirribaran hun canto dun paaço et leuara d’y a dita besta, et quisera fazer mays mal no dito lugar se non fora o bispo don Gonçaluo et outros omées bôos que o partiron”.

Á vista das probas presentadas, o tesoureiro e vicario xeral Xoán González pronuncia unha sentenza favorable a Gonzalo Pérez do Mato, resolución esta que confirma Beltrán Beltránez, arcediago de Baroncelle e vicario xeral do bispo.

## Santa Comba de Naves, a Igrexa de Ourense e o couto de Mende

Tratábase, en definitiva, de dirimir a quen pertencía o señorío do lugar de Mende e a percepción dos consegueintes tributos señoriais. A igrexa de Ourense era a propietaria case única do espazo que circunda a cidade<sup>17</sup> e a presenza doutro señor dentro da súa xurisdición é un factor xerador de conflitos.<sup>18</sup> Neste caso, coa peculiaridade de que o reclamante é un burgués de Ourense que ten aforada do mosteiro de Santa Comba de Naves non só a propiedade senón

15. Gonzalo Núñez de Nóvoa foi bispo de Ourense entre os anos 1320 e 1332. Para o bispado de D. Gonzalo, véxase Flórez (1763: 118-121).

16. Como xa se apuntou máis arriba, entre os ingresos que percibían as dignidades de Ourense contábase o señorío de certos coutos (Duro 1964: 327).

17. Fóra do mosteiro de Santa Comba, só os cenobios veciños de San Pedro de Rochas e de San Vicenzo de Pombeiro posuían algunha propiedade nas inmediacións da cidade (López Carreira 1998: 164).

18. Por iso os señores tenderon a acaparar todas as propiedades dos seus coutos (Portela e Pallares 1993b: 183).

tamén o señorío do lugar.<sup>19</sup> De feito, o conflito do mosteiro de Santa Comba coa igrexa de Ourense polo coto de Mende non se resume a este preito, senón que xa tentara apropiarse del anteriormente, e tamén se vai prolongar máis alá desta sentenza.

Así, o 10 de xullo de 1278,<sup>20</sup> o porteiro real Pedro Martís e Fernando López, porteiro de Estevo Fernández, meiriño maior de Galiza, entregan ao prior Afonso Pérez e ao convento de Santa Comba o lugar de San Cibrao e o coto de Mende (lugares ambos mencionados no privilexio de Afonso VII citado más arriba), en virtude de dúas cartas, unha de Afonso X (sobre quebrantamento de privilexios) e outra do meiriño maior (para que entregue o seu porteiro ao prior e ao convento de Santa Comba o coto de Mende e outro herdamento que lle ten “forçado” o cabido de Ourense; o cabido deberá pagar a pena por quebrantar o privilexio real). Un ano máis tarde,<sup>21</sup> o pesquisador Xoán Arias de Noelle négase a entregar, primeiro a dous frades e despois ó prior de Santa Comba, unha pesquisa sobre os privilexios quebrantados do mosteiro e do coto de Mende sen que estea presente o seu compañoero pesquisador Xoán Suárez; continuaba, pois, o conflito co cabido ourensán.

Xa en 1376<sup>22</sup> temos un novo preito por motivos análogos aos que alegara uns anos antes Gonzalo Pérez do Mato. Agora é o seu xenro Estevo Lourenzo, casado coa súa filla Maior Pérez, que contende con Martiño Anes, dito Peirón, xuíz do coto de Ceboliño, que impón tributos en 1375 aos moradores do coto de Mende (este di que o fixo por mandado de Afonso González de Castro, mordomo maior do bispo). Estevo Lourenzo alega a sentenza favorable a Gonzalo Pérez do Mato, que se extracta extensamente. O xuíz García Rodríguez, deán e vicario do bispado, sentencia a favor de Estevo Lourenzo, tendo en conta o veredicto achegado por Estevo Lourenzo.

Case un século máis tarde, nos días 13 e 14 de marzo de 1464,<sup>23</sup> o cabido e o prior do mosteiro de Santa Comba nomean árbitros para que determinen a propiedade dos bens e señorío do Ribeiro de Mende que tivo Leonor González, neta de Gonzalo Pérez. Dise que tanto Leonor González como os seus antecesores, ben como o cabido, tiveron eses bens por títulos do mosteiro de Santa

19. Na documentación de Santa Comba son abondosos os exemplos dunha cláusula na que se indica que non se afora o señorío real dos bens.

20. AHN, Santa Comba de Naves, 1506/11.

21. AHN, Santa Comba de Naves, 1506/12.

22. AHN, Santa Comba de Naves, 1507/6.

23. ACO, Escrituras VII, 72-74.

Comba e que é xusta a reivindicación destes, tanto no que se refire á xurisdición como ao pagamento de certos tributos que o cabido non realiza. Entre outras cousas, determinan que o cabido e o mosteiro nomeen alternadamente un xuíz cada ano no Ribeiro de Mende,<sup>24</sup> coa conseguinte recadación de tributos que iso implica. No documento dise que, despois de ler a sentenza, “o dito prior foy preguntado porlos ditos senores juizes se consentia ou que dizia, et o dito prior diso que el non dezía nada”.

## **Gonzalo Pérez do Mato, a súa descendencia e o mosteiro de Santa Comba de Naves**

Para rematar esta aproximación á vinculación do notario Gonzalo Pérez do Mato co mosteiro de Santa Comba de Naves, reparamos noutra documentación do cenobio que reforza a importancia do rogatario para o mosteiro e os beneficios que tirou desa colaboración.

Xa se viu que en 1344 o tabelión ourensán compra o lugar e pouxa de Mende a Tareixa Anes.<sup>25</sup> Non foi esta a única adquisición de bens de Santa Comba que realizou por medio da compra a outros foreiros do mosteiro. Así, en 1351<sup>26</sup> o prior Estevo González recíbeo por foreiro, a el e a súa muller María Eanes, de diversas propiedades na freguesía de Santa Mariña de Fontefría, propiedades estas que lles vendera Maior Anes, irmá de Lopo Eanes, monxe de Celanova, que as tiña aforadas do mosteiro por un foro datado de 1350.<sup>27</sup> Anos despois, en 1365,<sup>28</sup> Gonzalo Pérez do Mato compra, na mesma freguesía, a María Pérez o casal de Cachomane, que está “a par de outras herdades de outros uossos casares que uos teedes na dita fijgesia que foron do moesteiro de Santa Coonba de Naues”, xunto co señorío do couto de Fontefría.

24. Frei Benito de la Cueva, na súa obra sobre os mosteiros e prioratos de Celanova, detense a explicar o motivo polo que, cando el escribe (primeira metade do século XVII), o cenobio de San Rosendo e o cabido de Ourense alternan cada ano a xurisdición deste couto, pois “en Zelanova se quenta muy al contrario de la verdad” (1991: 161).

25. No documento dise que Tareixa Anes, á súa vez, comprara parte do lugar xunto co seu marido Gómez Lourenzo de Celeirón e que “o mays foime dado pelo dito Gomez Lourenço, o que ende era seu, por outros bées que el vendeu que eran meus”. Gómez Lourenzo debía ser fillo do Lourenzo Anes Celeirón do que falan as testemuñas do preito e de quen herdaría parte do lugar de Mende.

26. ACO, Santa Comba de Naves, 3101.

27. ACO, Santa Comba de Naves, 2584.

28. ACO, Santa Comba de Naves, 2835.

Consérvanse, en fin, dous documentos de 1352<sup>29</sup> nos que o mosteiro fai unha rebaixa nas rendas que ten que pagar Gonzalo Pérez por dúas propiedades. No primeiro, redúcese a prestación da quinta parte dos froitos da viña das Quintas, en Mende, a un puzal de viño. No segundo, exime o notario de Ourense e a súa muller, polo tempo das súas vidas, de pagar aquel viño pola viña das Quintas e un cuarteiro de pan por un casal en Fontefría. En ambos os casos xustifícase esta redución “por moyto seruicio e ajuda que uos, o dito Gonçaluo Perez, fezestes ao dito moesteyro, aqui e en casa de nosso señor el rrey, gāanando a confirmaçon dos nossos priuilegios”<sup>30</sup>

O patrimonio acumulado por Gonzalo Pérez do Mato, entre o que se encontran as citadas propiedades de Mende e Santa Mariña de Fontefría foreiras de Santa Comba, vai sufrir unha fragmentación á súa morte, ao nomear como herdeiras de todos os seus bens as súas fillas Maior Pérez e María do Mato, “cada húa na sua metade”, no testamento que fai o 28 de agosto de 1370<sup>31</sup>, e ao mercador Estevo Lourenzo, casado coa súa filla Maior Pérez, como seu testamenteiro. O notario falece pouco despois<sup>32</sup> e o 29 de xaneiro de 1372<sup>33</sup> Estevo Lourenzo, en nome da súa muller, e Xoán Ares, titor de María do Mato, escollen catro “omées bōos” para que fagan dous deles as partillas dos bens que lles deixou Gonzalo Pérez do Mato (recollidas no pergamiño),<sup>34</sup> e os outros dous unha segunda conta dos gastos que no ano 1371 realizou Estevo Lourenzo en favor da súa cuñada María do Mato:

“algūas contias de morauidis que o dito Esteuño Lourenço despendera en laurar as viñas da dita Maria do Mato e en collar a nouydade dellas, esta nouydade que oora pasara da era de mill e quatroçentos e noue anos, et en pagar algūas deuedas que o dito Gonçaluo Perez deuya, que perēeçan de pagar aa dita Maria do Mato,

---

29. ACO, Santa Comba de Naves, 2613, 2614.

30. ACO, Santa Comba de Naves, 2613.

31. ACO, Escrituras I,4.

32. Nun Libro de Aniversarios da catedral de Ourense de 1452 figura no día 1 de setembro “Gundisalvi Petri do Mato, civis. In claustro S. Martini” (Leirós 1941: 31).

33. ACO, Escrituras VII, 69.

34. Partillas que non deberon ser nada pacíficas. No seu testamento Maior Pérez xustifica as mandas que lle fai ao seu marido “por moyto afan e traballo e custas que fezo en seguir o pleito de compremjso que ouvo ontre mјn et Maria do Mato, mjña yrmāa, et por desencargar delo mjña conçuencia e mjña alma”.

et en rreparamentos dos moynos de Mēende que a ela perteeçian et en outras despesas neçesarias que auyan de poer en conta".<sup>35</sup>

Os partidores Romeu Pérez e Miguel Anes presentan as partillas en tres datas diferentes: o 4 de marzo dan as partillas dos bens de Mende, o 27 de abril das propiedades da cidade de Ourense, de Moreiras e de Mugares, e o 6 de agosto presentan as partillas dos casares de “aalén do Mjño” (Astrés, Vilar, Louredo, Fontefría, Lagariños).

Seguindo o rastro dos bens de Mende, reparamos agora no testamento de *Maior Pérez*, feito o 23 de agosto de 1390,<sup>36</sup> e na súa descendencia. Nel, ademais de lle deixar un importante legado ao seu marido Estevo Lourenzo, nomea como herdeiros de todos os seus bens e testamenteiros os seus fillos, o cóengo Martiño Pérez Xestosa, o fraude franciscano Gonzalo e María Pérez, casada co escudeiro Gonzalo Vázquez, todos eles froito dun seu casamento anterior co falecido Gonzalo Pérez da Rúa dos Zapateiros. Mais os fillos mostran o seu desacordo coas mandas que lle fai a Estevo Lourenzo e Maior Pérez acaba por deixarlle a quinta parte de todos os seus bens “sigundo que llos de derecho podia e deuia mandar”.<sup>37</sup> Mortos Gonzalo Vázquez e María Pérez, o 30 de abril de 1410<sup>38</sup> os seus fillos Pedro Vázquez, escudeiro, e Aldonza Afonso, casada co escudeiro Gonzalo Sánchez, fan as partillas dos bens que aqueles lles deixaron en Mende e na Valenzá.<sup>39</sup> Pedro Vázquez, de quen se conservan varios aforamentos no Ribeiro de Mende,<sup>40</sup> ainda chegou a herdar bens en

35. A conta (ACO, Escrituras XXI, 17-19) está editada en López Carreira (1988-1999). Loxicamente, este documento ten que ser posterior á data en que se escolle os “omées bôos”, polo que a data que lle atribúe Duro (1973: 225) e acepta López Carreira (1988-1999: 156) do 17 de marzo de 1371 non pode ser a correcta. Nesa data, tal como se di no documento, Estevo Lourenzo pagoulle seiscentos cruzados a Lourenzo de Mugares por unha poda na que traballaron trinta homes. A única das diferentes datas que aparecen no documento e que ten que ver coa realización deste, e non con datas de pagamento, está case ao final: “E despoxys desto sabbado onse días do mes de desembro da era sobredita” (López Carreira 1988-1999: 166). Antes deste momento, a pesar do que refire o texto, nunca se indica cal é a era da carta. Debe tratarse do 11 de decembro de 1372, pois ese día foi sábado.

36. ACO, Escrituras I, 42.

37. Estevo Lourenzo fai testamento o 7 de outubro de 1411 (ACO, Escrituras I, 14) e manda que se vendan os bens que lle deixou a falecida Maior Pérez para cumplir as súas mandas testamentarias.

38. ACO, Santa Comba de Naves, 3461.

39. Poucos días antes, o 14 de abril, D. Gonzalo Estévez, prior de Santa Comba de Naves, autoriza a Pedro Vázquez e a Gonzalo Sánchez a subaforar propiedades do Ribeiro de Mende (ACO, 3460).

40. Estes aforamentos datan dos anos 1432 (ACO, Santa Comba de Naves, 3949, 3951), 1438 (ACO, Santa Comba de Naves, 4062), 1443 (ACO, Santa Comba de Naves, 4194) e 1447 (ACO,

Mende por parte de seu avó Estevo Lourenzo (7 de outubro de 1443)<sup>41</sup> e de seu tío Martiño Pérez Xestosa (27 de febreiro de 1454).<sup>42</sup>

Para rematarmos este percurso pola sorte dos bens de Mende herdados pola filla máis vella de Gonzalo Pérez do Mato, prestamos atención ao último dos documentos aludidos. Nel o rexedor Gonzalo Pérez de Requeixo e o notario Álvaro Afonso, herdeiros e testamenteiros do notario Afonso González de Mende, fillo de Gonzalo Sánchez e Aldonza Afonso, vénellenlle a frei García, prior do mosteiro de Santa Comba de Naves, diversos bens e rendas no Ribeiro de Mende para cumplir as mandas do testador. Por esta venda, o mosteiro recupera tamén o señorío do couto de Mende polo que preiteara un século antes Gonzalo Pérez do Mato, coa axuda do rexedor Gonzalo Pérez de Requeixo, que empresta a frei García os seis mil marabedís da compra.<sup>43</sup>

Pola súa parte, da deriva posterior dos bens de *María do Mato*, casada co escudeiro Afonso Gómez Solleiro,<sup>44</sup> infórmanos o testamento do seu fillo, o escudeiro Álvaro Gómez Solleiro (15 de xullo de 1414),<sup>45</sup> no que, ademais de deixarlle a seu pai a renda duns muíños e a súa irmá Leonor González (filla esta de Martiño Anes do Gordón) varias propiedades en Mende, nomea a esta como a súa herdeira. Como se indicou más arriba, é precisamente a propiedade dos bens e señorío de Leonor González no Ribeiro de Mende os que están en causa no compromiso de 1464 entre o cabido de Ourense e o mosteiro de Santa Comba de Naves.

Xa na súa vellez (8 de agosto de 1449),<sup>46</sup> a filla de María González do Mato dálle ao notario Diego Díaz todo o que herdou de súa nai e de seu irmán por oitocentos marabedís anuais para o seu sustento. Esta cesión faina para compensar a débeda que ten co tabelión polos gastos que este tivo co preito entre ela e Maior de Limia, abadesa das clarisas de Allariz, precisamente pola herdanza de súa nai e seu irmán. En relación co mosteiro de Santa Comba,

Santa Comba de Naves, 4259).

41. ACO, Santa Comba de Naves, 4194.

42. ACO, Santa Comba de Naves, 4395.

43. En 1460 (AHPO, Santa Comba de Naves, 17/3) o prior García, para saldar a débeda, afórralle ao rexedor de Ourense varias propiedades en Mende.

44. O 11 de febreiro de 1416 (ACO, Escrituras II, 31; ed. en López Carreira 1991: 201-203) fai lle unha doazón ao cabido de Ourense da quinta parte dos bens de María do Mato, que ela lle deixou no seu testamento, para dous aniversarios por el e pola súa muller. Esta xa mandara no seu testamento dezaseis libras para un aniversario no día de San Xoán (ACO, Escrituras XV, 11).

45. Incluído en ACO, Escrituras I, 10.

46. ACO, Santa Comba de Naves, 4333.

Leonor González dimite, isto é, devolve, os bens que tiña do mosteiro e pídelle que reciban por foreiro a Diego Díaz. O 1 de xaneiro de 1450, o prior Álvaro de Oca, á vista do documento anterior, recibe a Diego Díaz por foreiro deses bens de Mende dimitidos<sup>47</sup> (a metade da pousa do Ribeiro de Mende e o lugar de Sesteirón<sup>48</sup>), incluíndo o señorío dese couto. O mesmo Diego Díaz, uns anos antes (7 de marzo de 1446)<sup>49</sup> recibe aforados do mosteiro de San Francisco de Ourense os bens que Álvaro Gómez Solleiro lle deixou no seu testamento.

No final deste percurso pola sorte do couto de Mende do mosteiro de Santa Comba de Naves, encontramos outra vez un notario de Ourense, neste caso Diego Díaz, detendo o señorío do devandito lugar.

## **Edición dos testamentos de Gonzalo Pérez do Mato e Maior Pérez**

A edición respecta os usos gráficos dos manuscritos, ao tempo que desenvolve, marcando as letras restituídas en cursiva, todas as abreviacións. Sobre a resolución das abreviaturas convén ter en conta as seguintes precisións:

- Elimináronse os trazos sobre duplicacións gráficas (cabidoo, herées ~ herēes, ouuo, lanpaás, seér ~ sseér, Moor, rreuogoós, (rrua) d'Oobra, aa/s, correjedor) e hiatos non homorgánicos (mēatade, Oufemēa, acaesçeo). Tamén se suprimiu noutras ocorrencias habituais do sinal xeral de abreviatura con valor expletivo (mīll, paño/s, nome, año ~ años, onē, comō, pena, presen̄ça, signal, gloria, fignar, somañas, signos, lumē, Mağdanel).
- En casos puntuais a abreviatura de *pro* é usada co valor *pr* (conprou) e a de *tri* valendo por *tr* (trijnta, trijntanarios, Trijndade).
- As abreviacións latinizantes resólvense de acordo coas formas romances das palabras en causa: moeda (mon<sup>a</sup>), dito ~ dita/s (dc̄to ~ dc̄ta/s), feyto ~ ffeyto/s (fēcto ~ ffēcto/s). No segundo dos documentos as abreviacións de elementos onomásticos *Mñt* e *ulls* resólvense “Martin” e “Uasques” respectivamente.

47. Neste documento o prior quéixase de que “a dita pousa de Mēende e moynos et cousas a ela pertecentes foron vendidas et enalleadas per asaz de vezes sen o dito noso mosteiro, priores et conbento del primeiro seeren frontados et rrequiridos para as aver porlo justo preço, segundo o dereito en tal caso o premjte et rrequire”.


48. O lugar de Sesteirón xa lle fora aforado polo mosteiro o 9 de xaneiro de 1449 (ACO, Escrituras VII, 103).

49. ACO, Escrituras I, 10.

- A un único trazo que cubre case toda a palabra é atribuída unha dobre función nos casos de *gāñañar* (*gaanar*), *vēeren* (*veere*), *peruēeren* (*perueere*), *njnhūas* e *querian*.

Non se sinalan as letras sobrescritas sen valor abreviativo (out<sup>orgo</sup>). Actualízase o uso de minúsculas e maiúsculas (agás no caso de R, que se transcribe como *rr* ou *Rr* segundo corresponda), e a puntuación e disposición do texto en parágrafos; procédese da mesma maneira canto á unión e separación de palabras (o<sup>que</sup>> o que, am<sup>jña</sup>> a mjña, ameus>a meus; todos los>todoslos, por lo>porlo, por la>porla, per lo>perlo, desen carregar>desencargar), agás no caso de topónimos compostos, en que respectamos a situación do manuscrito (Monte Rroso, Pena Vegia). Só se emprega o acento con valor diacrítico: *dé* (P3 PresSubx do verbo *dar*), *cónpre* (P3 PresInd do verbo *cumprir*); *está* (P3 PresInd do verbo *estar*). Entre corchetes aparecen os engadidos da nosa responsabilidade. Entre parénteses colocamos o texto repetido e coas parénteses rectas advertimos sobre a existencia dunha cruz ou dun sinal notarial.

## 1



1370, agosto, 28; mércores. Ourense.

*Testamento de Gonzalo Pérez do Mato*

A.- A. C. Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras I, 4.

REX. DURO, *Catálogo Privados*, no 874.

ED. LÓPEZ CARREIRA, *Documentos do ACO* (<http://gmh.consello-dacultura.gal/nc/catalogo/libro/f/105//l/13/ini/1/d/379/>).

